RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCESO DE SELECCIÓN DE 38 PERSOAS ADXUDICATARIAS PARA AS VIVENDAS DA PROMOCIÓN PÚBLICA DO EXPEDIENTE PO2021010 EN NAVIA (PARCELA M IVA 10), NO CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)

De acordo co que se establece no artigo 22 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas, a Comisión Provincial de Vivenda de Pontevedra, en sesión do 10 de novembro de 2026.

ACORDA

Iniciar o proceso de selección de persoas adxudicatarias para 38 vivendas de promoción pública, que se desenvolverá de conformidade cos seguintes criterios:

PRIMEIRO.- Características das vivendas

- Número de vivendas: 38
- Localización das vivendas: Parcela M IVA 10 do Plan parcial de San Paio de Navia no concello de Vigo (Pontevedra).
- Tipoloxía das vivendas:

Nº VIVENDAS	Nº DORMITORIOS	
18	2	
20	3	2 adaptadas para mobilidade reducida

Cada vivenda leva vinculada unha praza de garaxe e un rocho.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JSxyVNSGXC22 https://sede.xunta.gal/cve

- Composición familiar para cada vivenda:

TIPOLOXÍA DAS VIVENDAS	Nº DE MEMBROS
2 dormitorios	1, 2 e 3 membros
3 dormitorios	4 e 5 membros
Reserva: Vivendas adaptadas para mobilidade reducida	Sen límite de membros

SEGUNDO.- Cualificación das vivendas

As vivendas foron cualificadas provisionalmente por resolución do director territorial do Instituto Galego da Vivenda e Solo de Pontevedra con data 04 de maio de 2026 como vivendas de promoción pública.

TERCEIRO.- Réxime de adxudicación das vivendas

As vivendas adxudicaranse en réxime de arrendamento.

CUARTO.- Condicións xerais das persoas beneficiarias

Poderán acceder a estas vivendas de promoción pública as persoas, nacionais ou estranxeiras, maiores de idade e con plena capacidade de obrar que, como titulares dunha unidade familiar ou convivencial, reúnan os seguintes requisitos:

1. Conforme o disposto no artigo 63.1 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, poderán resultar adxudicatarias das vivendas as persoas residentes en Galicia, así como as persoas emigrantes retornadas, que reúnan, na data desta resolución de inicio, os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas ou anotadas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda na Sección 1ª (demandantes de vivendas de protección oficial de promoción pública) para o concello de Vigo como concello preferente.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JSxyVNSGXC22 https://sede.xunta.gal/cve

b) Acreditar ingresos ponderados por unidade familiar ou convivencial, no último exercicio fiscal vencido, entre 0,7 e 4 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) ou 4,5 veces, no caso de familias numerosas, ao abeiro do disposto no artigo 63.1 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, e no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de maio de 2026.

c) Residir ou traballar no concello de Vigo, agás no caso de emigrantes que desexen retornar e que acrediten residir fóra de Galicia por un tempo non inferior a cinco anos.

d) Carecer, calquera membro da unidade familiar ou convivencial, de vivenda en calidade de propietario, agás que se dea algunha das seguintes circunstancias:

• Acreditar que a vivenda de que se dispón é inhabitable, insuficiente ou inadecuada nos termos especificados na Resolución do 14 de setembro de 2012 do IGVS. Neste suposto, quedarán obrigados a ofertarlle ao IGVS a dita vivenda para efectos do disposto no artigo 10.V do Decreto 253/2007, do 13 de decembro.

• Habitar unha vivenda suxeita a expediente de expropiación ou desafiuzamento xudicial ou administrativo non imputable ao interesado, ou ben ocupar aloxamentos provisionais como consecuencia de situacións de emerxencia ou remodelación que impliquen a perda da vivenda.

e) Non encontrarse en ningunha destas circunstancias, referidas a calquera membro da unidade familiar ou convivencial:

• Que xa fosen titulares de vivendas de protección oficial de promoción pública e que a perdesen como consecuencia dun procedemento de desafiuzamento, resolución de

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JSxyVNSGXC22 https://sede.xunta.gal/cve

contrato tramitado polo IGVS ou que a alleasen por calquera causa, coa excepción de cambio de residencia por motivos laborais, ou outros xustificados ao xuízo da Comisión Provincial.

• Que sexan titulares de bens inmobles de natureza rústica ou urbana suxeitos ao imposto sobre bens inmobles que teñan un valor catastral superior a 30.000 euros.

f) Para a quenda de menores de 36 anos, constituír unha familia ou unidade convivencial cuxa persoa titular teña menos de 36 anos.

2. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, será requisito para a adxudicación da vivenda manter a vixencia da inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda ao longo de todo o proceso de selección, de xeito que a falta de renovación da inscrición, de resultar obrigado/a a iso nos termos do artigo 15 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, en calquera momento anterior ao acordo da Comisión que aprobe a súa inclusión na lista definitiva de persoas adxudicatarias, determinará a perda do dereito ao acceso á vivenda.

QUINTO.-Condicións xerais de carácter económico

a) Os contratos de arrendamento terán unha vixencia de sete anos prorrogables por períodos anuais e estará prohibido en todo caso a cesión ou subarrendamento, total ou parcial. A contravención desta prohibición dará lugar á resolución do contrato de arrendamento, con independencia das sancións a que dera lugar.
b) A renda inicial anual será a que resulte de lle aplicar o 2% ao que sería o prezo de venda da vivenda e anexos, no seu caso. Determinado de acordo coa resolución do 6 de maio de 2026 pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 4 de maio de 2026, polo que se determinan os ingresos para acceder ás vivendas protexidas e se fixan os seus prezos

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JSxyVNSGXC22 https://sede.xunta.gal/cve

máximos de venda e renda.

c) A firmeza da adxudicación estará condicionada á sinatura do correspondente contrato de arrendamento, previo depósito por parte da persoa adxudicataria da fianza correspondente.

SEXTO. - Procedemento de adxudicación

De acordo co Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, antes mencionado, o procedemento de adxudicación será o de SORTEO entre as persoas inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia para o concello de Vigo ata a data da presente resolución.

Unha vez realizado o sorteo, publicarase a lista provisional de persoas adxudicatarias e de espera, conforme ao establecido no artigo 24 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro.

A Comisión Provincial de Vivenda procederá á comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos para o acceso ás vivendas por parte das persoas incluídas nas listas provisionais, de conformidade co disposto no artigo 25 do citado decreto.

Unha vez realizadas comprobacións e, de ser o caso, resoltas as reclamacións presentadas, a Comisión Provincial de Vivenda aprobará a lista definitiva de persoas adxudicatarias e de espera, conforme ao establecido no artigo 26 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro.

A lista definitiva determinará a orde de adxudicación, sen prexuízo das renuncias, exclusións ou demais incidencias que poidan producirse posteriormente.

A inclusión dunha persoa na lista definitiva de persoas adxudicatarias dunha promoción de VPP determinará o decaemento noutros procedementos de adxudicación que se atopen pendentes de resolución definitiva, agás naqueles procedementos correspondentes a outros réximes de adxudicación nos que, de

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JSxyVNSGXC22 https://sede.xunta.gal/cve

acordo coa normativa aplicable, a persoa poida manter a súa condición de demandante de vivenda e a súa inscrición no Rexistro.

SÉTIMO.-Reservas

1.- De conformidade co establecido no artigo 74 da Lei 8/2012, do 29 de xuño de vivenda de Galicia, artigo 34 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS, e no art. 22.2.e) do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, faise a seguinte reserva:

Reserva de 2 vivendas adaptadas para persoas con mobilidade reducida de carácter permanente.

Clasificaranse os integrantes desta reserva coa seguinte orde de preferencia:

1.º- Os que precisen cadeira de rodas para os seus desprazamentos ou dependan absolutamente de dous bastóns para deambular.

2.º- Os que acrediten unha enfermidade ou discapacidade permanente que, polo seu desenvolvemento, poida chegar a impedir desprazarse sen axuda ou que afecte notoriamente a súa mobilidade.

Consonte o disposto no artigo 23.3 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, anteriormente nomeado, realizarase un sorteo diferenciado para aquelas persoas que declaren reunir os requisitos establecidos na normativa reguladora deste colectivo específico.

2.- As vivendas asignadas á reserva previstas no apartado 1 que queden sen adxudicar por inexistencia de solicitudes non pasarán a formar parte do número de vivendas adxudicables na cota xeral.

3.- Reserva dun 40% das vivendas para persoas menores de 36 anos

4.- As prazas reservadas para persoas menores de 36 anos que figuran no punto 3 que, por calquera circunstancia, non poidan ser adxudicadas ás persoas que figuren

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JSxyVNSGXC22 https://sede.xunta.gal/cve

nestes cupos na lista definitiva, serán adxudicadas, segundo a tipoloxía da vivenda, ás persoas do cupo xeral de reserva que corresponda. Esta regra aplicarase tamén en sentido contrario.

Así mesmo, no caso de que algún dos integrantes dos cupos de menores de 36 anos resultase tamén adxudicatario nalgún dos cupos xerais, o seu posto no cupo xeral será ocupado na lista pola persoa do cupo de reserva que corresponda.

5.-No caso de que resulte vacante algunha das vivendas por esgotamento da lista de reserva dalgún dos cupos, e non poidan cubrirse de acordo co establecido no parágrafo anterior, a vivenda será adxudicada ao integrante da lista de reserva inmediatamente inferior en atención ao número de membros, e atendendo ao cupo, xeral ou de menores de 36 anos, ao que pertenza a vivenda vacante. No caso de que esta lista tamén se atopase esgotada, acudirase sucesivamente ás listas de reserva seguintes.

De non resultar posible a adxudicación por esgotamento das listas de reserva, procederase, de acordo co disposto no artigo 27.2 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, á celebración dun novo sorteo, no que participarían todas aquelas persoas que, tendo participado no sorteo inicial, non obtivesen a condición de adxudicatarias ou de integrantes das listas de reserva.

OITAVO.- Lotes

De acordo co previsto no artigo 22.2.h) do mencionado Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, establécense lotes segundo o número de dormitorios das vivendas, realizándose un sorteo diferenciado para cada un deles, comezando en todo caso pola reserva de mobilidade reducida e seguidamente polos cupos a menores de 36 anos, e atendendo a seguinte orde:

Primeiro lote: Vivendas adaptadas a persoas con mobilidade reducida.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JSxyVNSGXC22 https://sede.xunta.gal/cve

Confeccionarase unha única lista cun total de doce (12) demandantes de mobilidade reducida para as vivendas deste cupo de reserva.

Segundo lote: Vivendas de 2 dormitorios para unidades familiares/convivenciais de 1, 2 ou 3 membros.

	Cupo sen límite de idade	Cupo menores de 36 anos
Adxudicatarios	10	8
Reservas	20	16

Terceiro lote: Vivendas de 3 dormitorios para unidades familiares/convivenciais de 4 ou 5 membros.

	Cupo sen límite de idade	Cupo menores de 36 anos
Adxudicatarios	10	8
Reservas	20	16

A orde de confección das referidas listas virá determinada pola orde de selección que se derive do sorteo, agás o cupo de mobilidade reducida, que se determinará prioritariamente de acordo co disposto no artigo artigo 34 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS.

NOVENO. Tramitación de urxencia

De conformidade co disposto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, acórdase a tramitación de urxencia do presente procedemento.

Esta tramitación xustifícase na necesidade de reducir os prazos de adxudicación das vivendas, co fin de garantir a súa ocupación efectiva no menor tempo posible, evitando a súa desocupación prolongada e favorecendo así a función social da

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JSxyVNSGXC22 https://sede.xunta.gal/cve

vivenda e o acceso a ela por parte das persoas demandantes inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, reduciranse á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos, que se rexerán pola normativa xeral aplicable.

DECIMO. - Publicidade

A resolución de inicio do procedemento de adxudicación publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e, as sucesivas publicacións, incluída a dita resolución de inicio do procedemento, a lista de persoas adxudicatarias provisionais resultante do sorteo e a resolución da lista definitiva de persoas adxudicatarias y en espera, de acordo cos artigos 22.1, 24.3 e 26 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, publicaranse nos taboleiros de anuncios do Concello de Vigo, no da Área Provincial do IGVS e na páxina web do organismo.

Esta publicidade substituirá ás notificacións persoais, de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Procedemento na realización do sorteo.

Participarán no sorteo (tanto para a reserva de vivendas adaptadas a persoas con mobilidade reducida como para o resto das vivendas), todos os demandantes inscritos que reúnan as características específicas esixidas.

A orde de realización do sorteo será a establecida no punto oitavo desta resolución.

Tras a publicación da lista provisional resultante do sorteo, as persoas que se consideren prexudicados no seu dereito disporán dun prazo de dez días desde a

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JSxyVNSGXC22 https://sede.xunta.gal/cve

publicación, para presentar reclamacións ante a Comisión Provincial de Vivenda, que deberá adoptar a resolución que proceda no prazo máximo de tres meses.

DÉCIMO SEGUNDO.- Data do sorteo.

O sorteo será público, e celebrarase ante notario ás **10:30** horas do día **4 de decembro** de **2026** no salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, situado na rúa Concepción Arenal, 8, planta baixa en Vigo.

Pontevedra, 10 de novembro de 2026

O presidente da Comisión Provincial de Vivenda

José Manuel González González

(Documento con sinatura electrónica)

Asinado por: GONZALEZ GONZALEZ, JOSE MANUEL
Cargo: Director Territorial
Data e hora: 10/11/2026 12:09:52

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JSxyVNSGXC22 https://sede.xunta.gal/cve